



Manuel Crespo
Director de Coluga

► A REDUCCIÓN DO IMPACTO AMBIENTAL A TRAVÉS DO MENOR USO DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS E FERTILIZANTES REPRESENTA UN RETO PARA TODOS, PERO TAMÉN UNHA AMEAZA EN FUNCIÓN DOS TEMPOS MARCADOS

A redución nun 20 % do uso dos fertilizantes e dun 50 % no caso dos fitosanitarios proposta polos últimos borradores da Comisión Europea para a nova PAC supón un auténtico desafío para o sector agrícola. Non só se trata de fixar uns obxectivos para 2030 cos que alcanzar o desenvolvemento dunha agricultura máis respectuosa co medio ambiente, algo ao que todos os implicados neste ámbito debemos aspirar; senón que implica un profundo cambio cultural que repercutiría directamente na forma de traballar e nas ferramentas que utilizamos para lograr os obxectivos de cada explotación e cultivo.

Neste sentido son moitas as preguntas que xera esta decisión pero, sen dúbida, a máis relevante de cantas nos formulamos neste momento é: estamos preparados para unha transformación desta importancia? O certo é que se trata dunha razoable inquietude, porque a experiencia nos di que cada territorio, cada explotación e incluso

A nova PAC: entre o reto e a ameaza

cada cultivo requiren de actuacións e solucións concretas e, por tanto, resulta complexo prever o éxito dunhas medidas xerais para un campo tan amplo e diverso como o europeo. Sen ir máis lonxe, en Galicia a base territorial dos nosos cultivos é a mesma que hai 150 anos. A rotación non se produciu e haberá que ver se o ditado dunhas novas normas para esta década pode coa realidade imposta en século e medio de costumes e de historia.

Doutra banda, tampouco debemos esquecer que esa nova realidade que se quere impor agora xa se está producindo en certa medida. Practicamente cada semana recibimos novas advertencias para a restrición de materias activas en produtos fitosanitarios e fertilizantes. O noso coñecemento da realidade galega permítenos identificar o problema e atopar novas solucións para cumprir co noso papel como asesores especializados de agricultores e gandeiros. É verdade que no uso de métodos alternativos sempre hai marxe de mellora e cabe insistir en que debemos ir percorrendo este camiño co esforzo de todos os implicados na cadea de valor; pero, ao mesmo tempo, tamén fan falta moitas doses de realismo e, sobre todo, de coñecemento sobre o terreo para prever as consecuencias que tería un aceleramento tan rotundo como o que anuncia a Comisión Europea.

A redución do impacto ambiental a través do menor uso de produtos fitosanitarios e fertilizantes representa un reto para todos, pero tamén unha ameaza en función dos tempos marcados e as posibilidades reais dun sector produtivo que demostrou a súa capacidade e compromiso, incluso nos momentos máis difíciles.

Un reto, porque pasar dunha PAC de requisitos a unha PAC de obxectivos provocará non só un maior peso do asesoramento baseado en decisións

profesionais e unha racionalización no uso de produtos fitosanitarios e fertilizantes, senón que tamén implicará pensar nunha estratexia integral dos cultivos. Xa non bastará con atacar as enfermidades e as pragas cando xurdan, como ocorre desde sempre, senón que haberá que estudar irremediamente as condicións previas que require cada cultivo para tratar de reducir a súa aparición, é dicir, máis racionalización, máis profesionalización e máis planificación.

Pero, como dicíamos, a nova PAC tamén representa unha ameaza. Ese novo modelo, que nos debería concernir a todos, nacería quebrado se non se establecen os tempos adecuados nin se teñen en conta as características propias de cada territorio. Por exemplo, cabe preguntarse se existen en realidade alternativas ecolóxicas para todas as enfermidades e pragas que poden sufrir os cultivos, ou se hai no mercado laboral profesionais suficientemente preparados para sacar adiante cultivos coas restricións que se queren impor. Dito doutro xeito: todos debemos aspirar a unha maior profesionalización do sector, pero de pouco servirían as intencións se non contamos con profesionais capaces de exercela en número suficiente.

Por último, non debemos esquecer que, como se viu durante a pandemia da covid-19, os agricultores e gandeiros cumpren un indubidable papel social que os converte en imprescindibles para a nosa alimentación. Incrementar a produtividade agrícola a través do progreso técnico e asegurando a utilización óptima dos factores de produción representa un avance, sempre e cando todos os movementos inclúan tamén un criterio de rendibilidade adecuado. Pola contra, podería provocarse un efecto moi distinto do que a priori se persegue e xerar máis prexuízos que beneficios. ■

Kiwi

KINGBOY x SNOWMAN x BAXTER




(NOVEDAD)



Wolfhard Schulze

A-L-H KINGBOY AQUARIUS ET (VG-87) Hermana completa de KIWI



GEN-I-BEQ SNOWMAN AKILIA ET (EX-91)

KIWI: el valor seguro de un líder a2a2

- Altas producciones con muchísima grasa.
- Extraordinarias ubres y muy buenas patas.
- Vacas longevas y resistentes a las mamitis.
- De una familia de vacas de ensueño: KHW Goldwyn Aiko EX-91 y Durham Altitude EX-95.



ESCOLMO, S.L.

Distribuidor para Galicia y Asturias
Rúa Magnolia, 80, baixo
27003 LUGO
Tfno. (+34) 982 217 633
Fax (+34) 982 213 144
e-mail: escolmo@gmail.com



aberekin

Alta fertilidad
Genética de Confianza

www.aberekin.com

